



**CIRCULAR Nº 03/2016: Seguro Deportivo programa XOGADE 2016.**

O período de cobertura do seguro deportivo do programa XOGADE é de toda a tempada.

Enténdese por accidente toda lesión corporal sobrevenida ao asegurado independentemente da súa vontade e debida a unha causa súbita, fortuita, momentánea, externa e violenta. Aos efectos do seguro terá a consideración de accidente cuberto as consecuencias da práctica da actividade deportiva incluídas as lesións non traumáticas.

Quedan expresamente excluídas do ámbito de cobertura desta póliza as lesións derivadas do crecemento, xenéticas ou dexenerativas.

**COBERTURA:**

As pólizas cubrirán os accidentes que se produzan nas seguintes situacións:

a) Durante a celebración de competicións deportivas dentro do calendario oficial da FEGAXA ou da FEDA realizadas nas instalacións ou espazos deportivos públicos e/ou privados, colexios e institutos públicos e/ou privados, instalacións de centros cívicos, espazos libres, parques e rúas ou ben nas instalacións das cidades onde por motivos de intercambios deportivos se realicen as competicións.

b) Durante os adestramentos ou etapas de preparación deportiva, sempre que se realicen nas condicións que se expresan no parágrafo anterior e baixo a dirección de adestradores, preparadores ou personal técnico cualificado.

Quedan excluídas da cobertura das pólizas as lesións ocasionadas pola práctica deportiva durante o período de baixa por lesión, desde a primeira asistencia ata a alta médica.

**ASEGURADOS:**

Compón o colectivo a asegurar a totalidade do deportistas participantes na actividade federada desenrolada polos deportistas federados nados entre o 01 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2009 ambos incluídos.

**PASOS A SEGUIR POLAS ENTIDADES:**

A partir do 01 de Febreiro de 2016 só será posible cumprimentar os partes de accidente a través da páxina web de xogade (<http://www.deporteescolargalego.com/index.asp>).

Os pasos a seguir polas entidades para comprobar que todo funciona correctamente son:

- 1.1 Solicitar a clave de acceso na páxina web de XOGADE (segundo as instrucións adxuntas)
- 1.2 Comprobar que todos os deportistas da súa entidade figuran correctamente inscritos na páxina web de XOGADE. A FEGAXA non se fai responsable se os datos d@ xogador/a (nome, apelidos, data de nacemento) están mal rexistrados polo delegado no programa GEFE.
- 1.3 Unha vez descargados e impresos os carnés xa se pode comprobar que ao lado do nome de cada deportista aparece o botón "parte de accidente", o cal xa poderá ser cuberto en caso necesario.

FEDERACIÓN  
GALEGA DE XADREZ  
REXISTRO XERAL

ENTRADA n.º

SAIDA n.º 39.

DATA: 02/02/2016





FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA  
DE GALICIA




DEPORTE  
GALEGO

En caso de dúbida co funcionamento do novo sistema pode poñerse en contacto co Servizo provincial de deportes correspondente nos seguintes números de teléfono:

- **Federación Galega Xadrez:** 986 237 945  
E-mail: [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org)  
Paxina Web: [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org)
- **A Coruña:** 981 132 443 / 981 133 312
- **Lugo:** 982 294 559 / 982 294 566
- **Ourense:** 988 386 044 / 988 386 050
- **Pontevedra:** 886 206 527 / 886 218 285

Toda a información referente aos seguros deportivos (pólizas, centros concertados, etc.) está publicada no apartado FEDERACIÓN – LICENZAS da nosa páxina web ([http://www.fegaxa.org/gal/federacion\\_int.php?var1=8&var2=Licenzas](http://www.fegaxa.org/gal/federacion_int.php?var1=8&var2=Licenzas)).

Vigo, 01 de Febreiro de 2016.

  
Asdo. Raquel Calleja Modia  
Secretaria Xeral da FEGAXA

Cliente:

Secretaría Xeral para o Deporte

Proxecto:

Deporte Escolar Galego

Documento:

Manual Entidade Federada

Ref. -

## Información del documento


<b>Nome do Proxecto:</b>	Deporte Escolar Galego
<b>Cliente:</b>	Secretaría Xeral para o Deporte
<b>Título de documento:</b>	Manual Entidade Federada
<b>Referencia del documento:</b>	
<b>Número de revisión:</b>	
<b>Fecha de emisión:</b>	11/11/2015
<b>Nome del arquivo:</b>	manual-entidade-federada.doc
<b>Ferramenta de edición:</b>	

## Táboa de contido

1. Inscripción de entidades federadas .....	3
1.1. Rexistro da solicitude .....	4
2. Acceso a aplicación.....	6
2.1. Validación.....	7

## 1. Inscripción de entidades federadas

Accedendo a web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com) as entidades federadas poderán inscribirse premendo na ligazón SOLICITAR REXISTRO:



The screenshot shows the XOGADE website interface. At the top, there is a banner with the XOGADE logo, the text 'XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR', and logos for 'DEPORTE GALEGO' and 'XUNTA DE GALICIA'. Below the banner, the page is divided into two main sections. On the left, under the heading 'ABERTO PRAZO DE INSCRICIÓN', there is a registration form with fields for 'Programas deportivos', 'Usuario', and 'Contraseña', and a 'Enviar' button. Below the form, there is a paragraph of text explaining the registration process and a 'SOLICITAR REXISTRO' button. On the right, under the heading 'PROGRAMA XOGADE 2015-16', there is a description of the program and a list of activities. The activities listed are: 1. ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR - Máis información, 2. ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - Máis información, 3. ACTIVIDADE LÚDICA - Máis información, and 4. COÑECE O MEU CLUB.

**ABERTO PRAZO DE INSCRICIÓN**

Programas deportivos

Usuario

Contraseña

Para acceder aos Programas Deportivos debe estar rexistrado. Se xa está rexistrado, introduza o seu nome de usuario e o seu contraseña e prema en enviar. Se todavía non o está, solicite o seu rexistro


**PROGRAMA XOGADE 2015-16**  
XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS en idade escolar 2015-16  
A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das Federacións e Agrupacións Deportivas Galegas, convoca o Programa XOGADE

**ACTIVIDADES**

- 1. ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR - Máis información**  
Son os xogos deportivos en idade escolar da Comunidade Autónoma de Galicia con 22 Modalidades Deportivas.
- 2. ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - Máis información**  
As federacións galegas no cumprimento das súas funcións de promoción das súas modalidades deportivas así como da organización de competicións oficiais autonómicas, establecidas no artigo 56, sección 3ª, CAP II de entidades deportivas da Lei 3/2012 de 2 de abril, organizarán a competición deportiva federada en idade escolar, tendo sempre en conta a obriga de cumprimento establecida para estas entidades no convenio anual coa Secretaría Xeral para o Deporte.
- 3. ACTIVIDADE LÚDICA - Máis información**  
Xornadas de acercamento de actividades lúdicas a centros educativos.
- 4. COÑECE O MEU CLUB**  
Actividade aberta a todos os Clubs Deportivos inscritos no rexistro de Clubs da Comunidade

## 1.1. Rexistro da solicitude

Unha vez que prememos na ligazón de SOLICITAR REXISTRO amosarásenos unha ventá con un formulario que debe cubrir a entidade para darse de alta na aplicación:



**XOGADE**  
XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

**PROGRAMAS DEPORTIVOS**

Para solicitar a participación da súa entidade nos programas deportivos, utilice o formulario de solicitude que se atopa baixo estas liñas. Introduza no formulario os datos requiridos e prema "enviar"; en breve porémonos en contacto para confirmar a súa participación.

**FORMULARIO DE SOLICITUDE**

**ENTIDADE**

Entidade	<input type="text" value="entidade federada"/>
Tipo de entidade	Entidade federada
Federación	Federación galega de fútbol sala
Equipo	<input type="text" value=""/>
CIF	<input type="text" value=""/>
Provincia	A Coruña
Zona	Noia
Concello	Boiro
Enderezo	<input type="text" value=""/>
C.P.	<input type="text" value=""/>
Email	<input type="text" value=""/>
Teléfono	<input type="text" value=""/>
Fax	<input type="text" value=""/>

**RESPONSABLE**

Apellidos	<input type="text" value=""/>
Nome	<input type="text" value=""/>
DNI	<input type="text" value=""/>


Para darse de alta como entidade federada, deberase seleccionar o tipo "Entidade Federada" no despregable que aparece no formulario como Tipo de entidade.

Unha vez seleccionado este tipo aparecerá un segundo despregable onde se poderá seleccionar a Federación a que pertencerá a Entidade que se está dando de alta.

Por último cando se seleccione a Federación a que pertence a Entidade aparecerá un novo despregable cos nomes dos clubs (Equipos) pertencentes a Federación que eliximos.

Tamén se deberán cubrir o resto de campos pertencentes a entidade, así como tamén o responsable correspondente.

Unha vez que cubrimos os datos necesarios para darse de alta premeremos no botón "Enviar" para darnos de alta como "Entidade Federada", se todo foi correcto aparecerá unha nova ventá como esta:



A mensaxe foi enviada correctamente

Envióuselle un email cos datos de acceso á web

## 2. Acceso a aplicación

Unha vez que se fixo a inscrición na web de Deporte Escolar Galego enviarase un e-mail o enderezo indicado cos datos necesarios para acceder a aplicación:

### Xogade - Xogos galegos deportivos en idade escolar

Estes son os datos de acceso de para a web <http://www.deporteescolargalego.com/>


Usuario - **ALUMNO**

Contrasinal - **XXXXXXXXXX**

Xunta de Galicia - Secretaría Xeral de Deporte

Xunta de Galicia - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Unha vez recibido o e-mail indicado xa se poderá acceder a aplicación co usuario e contrasinal do e-mail:



#### ABERTO PRAZO DE INSCRICIÓN

Programas deportivos

Usuario

Contrasinal

Para acceder aos Programas Deportivos debe estar rexistrado. Se xa está rexistrado, introduza o seu nome de usuario e o seu contrasinal e prema en enviar. Se todavía non o está, solicite o seu rexistro

[ SOLICITAR REXISTRO ]



#### PROGRAMA XOGADE 2015-16

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS en idade escolar 2015-16

A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das Federacións e Agrupacións Deportivas Galegas, convoca o Programa XOGADE

#### ACTIVIDADES

##### 1. ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR - Máis información

Sen os xogos deportivos en idade escolar da Comunidade Autónoma de Galicia con 22 Modalidades Deportivas.

##### 2. ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - Máis información

As federacións galegas rig cumprimento das súas función de promoción das súas modalidades deportivas así como da organización de competicións oficiais autonómicas, establecidas no artigo 56, sección 3ª, CNP II de entidades deportivas da Lei 3/2012 de 2 de abril, organizarán a competición deportiva federada en idade escolar, tendo sempre en conta a obriga de cumprimento establecida para estas entidades no convenio anual coa Secretaría Xeral para o Deporte.

##### 3. ACTIVIDADE LÚDICA - Máis información

Xornadas de acercamento de actividades lúdicas a centros educativos.


##### 4. COÑECE O MEU CLUB

Actividade ofertada a todos os Clubs Deportivos inscritos no rexistro de Clubs da Comunidade



## 2.1. Validación

Una vez accedemos a aplicación cos datos enviados no e-mail accederemos directamente a sección “Seguro Deportivo 6-16” onde se amosan os participantes inscritos no Equipo (clube) da Federación á que pertence a Entidade que se inscribiu na aplicación:



Seguro deportivo 6-16 curso 2015-2016

**Actividade Federada Escolar**

Buscador

Apellidos Nome Identificador

Totál: 8 Resultados por páxina 25

<input type="checkbox"/>	APELLIDOS	NOME	IDENTIFICADOR	DATA DE INSCRIBCIÓN	DATA DE NACEMENTO	<input type="button" value="PARTE ACCIDENTE"/>
<input type="checkbox"/>	ALONSO ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	<input type="button" value="PARTE ACCIDENTE"/>
<input type="checkbox"/>	ALONSO ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	<input type="button" value="PARTE ACCIDENTE"/>
<input type="checkbox"/>	ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	<input type="button" value="PARTE ACCIDENTE"/>
<input type="checkbox"/>	ALONSO ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	ALONSO	<input type="button" value="PARTE ACCIDENTE"/>

Neste listado de participantes aparece un botón “Parte Accidente” o cal nos permitirá xerar un parte de accidente para o participante seleccionado.

Tamén temos a posibilidade de xerar o carné dos participantes premendo no botón “xerar carné”, a aplicación permite xerar os carnés dos participantes seleccionados, para elo deberase seleccionar o participante na casíña que hai a esquerda de cada rexistro, unha vez seleccionados os participantes e premamos no botón “xerar carné” abrirase unha ventá onde aparecerán os carnés correspondentes e tamén teremos a posibilidade de imprimilos.